



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Dereito de Sucesións	Código	612G01034	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Pérez Álvarez, Miguel Angel	Correo electrónico	miguel.angel.perez.alvarez@udc.es	
Profesorado	Colina Garea, Rafael Collado Rodríguez, Noelia Peña Lopez, Fernando Pérez Álvarez, Miguel Angel Pérez Dios, Carmen	Correo electrónico	rafael.colina@udc.es noelia.collado@udc.es fernando.pena@udc.es miguel.angel.perez.alvarez@udc.es carmen.perez.dios@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A través desta materia preténdese que os alumnos adquiren o coñecemento do Dereito de sucesións.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B6	Aprender a aprender.
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento das principais institucións xurídicas.	A1		
Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.	A3		
Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.	A4		
Coñecementos básicos de argumentación xurídica.	A8		
Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).	A9		
Capacidade de interpretar e de analizar críticamente o ordenamento xurídico.	A10		
Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.	A11		
Manexo da oratoria xurídica.	A12		
Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao Dereito.	A13		
Resolver problemas de forma efectiva.		B7	
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.		B8 B2 B3 B4	C4 C7 C8
Traballar de forma autónoma con iniciativa e de forma colaborativa		B6 B9 B10 B11	

Contidos	
Temas	Subtemas
LECCIÓN 1. A SUCESIÓN E O DEREITO DE SUCESIÓN.	1.- A sucesión "mortis causa" e o Dereito de sucesións. Os principios do Dereito sucesorio. 2.- Herdeiro e legatario. Determinación do tipo de chamamento.
LECCIÓN 2. A HERDANZA. AS FASES DA SUCESIÓN HEREDITARIA.	1.- A herdanza. 2.- As fases da sucesión hereditaria. 3.- En particular, o modo de adquirir a herdanza. 4.- A herdanza xacente. 5.- A adquisición da posesión dos bens hereditarios.
LECCIÓN 3. A CAPACIDADE PARA SUCEDER.	1.- Incapacidades absolutas. 2.- Supervivencia. 3.- A indignidade. 4.- A incapacidade relativa. 5.- Efectos da indignidade e da incapacidade relativa.
LECCIÓN 4. A DELACIÓN.	1.- Concepto, clases e principios informadores da delación. 2.- O dereito de transmisión. 3.- O Dereito de representación. 4.- O dereito de acrecer.
LECCIÓN 5. O TESTAMENTO.	1.- Concepto, natureza e caracteres do testamento. 2.- A capacidade para testar. 3.- Os vicios da vontade en materia testamentaria. 4.- A interpretación do testamento.
LECCIÓN 6. AS CLASES DE TESTAMENTO.	1.- Testamentos comúns e especiais. 2.- O testamento aberto ordinario. 3.- O testamento aberto especial: o testamento en perigo de morte. 4.- O testamento pechado. 5.- O testamento ológrafo.
LECCIÓN 7. AS SUBSTITUCIÓN.	1.- Concepto e tipos de substitución. 2.- A substitución vulgar. 3.- A substitución pupilar. 4. A substitución fideicomisaria.
LECCIÓN 8. A SUCESIÓN INTESTADA.	1.- Causas e orde de prelación no Código civil. 2.- Os artigos 267 a 269 da Lei de Dereito Civil de Galicia.
LECCIÓN 9. A SUCESIÓN FORZOSA: AS LEXÍTIMAS.	1.- As lexítimas no réxime do Código civil: A] Titulares da lexítima e a mellora. B] Cálculo da lexítima. C] Defensa da lexítima: accións, preterición e desherdamento. 2.- As lexítimas na Lei de Dereito Civil de Galicia: Lexitimarios e contía [arts. 238, 243, 253 e 254 LDCG].



LECCIÓN 10. ACEPTACIÓN E REPUDIACIÓN DA HERDANZA.	1.- Aceptación, repudiación e beneficio de inventario: A] O ius delationis: Contido e presuposto. B] A aceptación e os sistemas de responsabilidade. O beneficio de inventario. C] A "aceptación pura e simple", a "aceptación a beneficio de inventario" e a sucesión universal. 2.- Aceptación e repudiación: Teoría xeral: A] Caracteres comúns. B] Capacidade e lexitimación. C] O prazo para aceptar ou repudiar. A interpelación xudicial e o dereito de deliberar. 3.- A aceptación da herdanza: A] Delimitación. B] Formas de aceptación. 4.- A aceptación e a responsabilidade do herdeiro. 5.- A repudiación da herdanza: A] Concepto e forma. B] Efectos. En particular, o artigo 1.001 do Código civil.
LECCIÓN 11. O BENEFICIO DE INVENTARIO.	1.- Delimitación. Efectos xerais do beneficio de inventario. 2.- Réxime xurídico: A] A facultade de servirse do beneficio de inventario. B] Solicitude e forma. C] O prazo. D] O inventario. E] A Administración da herdanza. F] O pago das cargas hereditarias. G] A rendición de contas. H] O réxime ulterior ao pago. I] A perda do beneficio de inventario.
LECCIÓN 12. A COMUNIDADE HEREDITARIA.	1.- Conceptos xerais. 2.- Réxime xurídico da comunidade hereditaria.
LECCIÓN 13. A PARTICIÓN HEREDITARIA: CONCEPTOS XERAIS, OPERACIÓNS PARTICIONAIS E TIPOS DE PARTICIÓN.	1.- A partición hereditaria: conceptos xerais. 2.- As operacións particionais. 3.- Tipos de partición: A] A partición polo testador. B] A partición por contador-partidor ou comisario. C] A partición por contador-partidor dativo. D] A partición convencional. E] A partición xudicial. 4.- Efectos, invalidez e ineficacia da partición.
LECCIÓN 14. A COLACIÓN.	1.- Concepto e fundamento. 2.- Presupostos subxectivos. 3.- Presupostos obxectivos. 4.- Modo de realizar a colación. 5.- Efectos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A9 A10	45	21	66
Estudo de casos	A1 A3 A4 A8 A9 A10 A11 A12 A13 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B2 B3 B4 C4 C7 C8	21	42	63
Proba obxectiva	A1	4	0	4
Atención personalizada		17	0	17

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Consistirá na exposición dos aspectos fundamentais dos temas que conforman o programa da materia.
Estudo de casos	Análise e discusión de supostos prácticos.
Proba obxectiva	Exame dos contidos incorporados no programa da materia e supostos prácticos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Para o estudo de casos, ademais das indicacións de carácter xeral, os alumnos recibirán de maneira individualizada ou por grupos de traballo as orientacións que sexan precisas para a correcta elaboración dos seus traballos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Estudo de casos	A1 A3 A4 A8 A9 A10 A11 A12 A13 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B2 B3 B4 C4 C7 C8	Os casos prácticos realizados durante o curso terán unha valoración máxima na nota final dun 10%.	30
Proba obxectiva	A1	Ao finalizar o cuadrimestre os alumnos deberán examinarse dos contidos incorporados ao programa da materia e das prácticas referentes á mesma. O resultado desta proba terá unha valoración máxima na nota final dun 90%.	70

Observacións avaliación

É requisito necesario aprobar a proba obxectiva (nota de 4.5 ou superior) para que se lle some a nota correspondente ao "Estudo de casos".
A nota que corresponda a "Estudos de casos" gardarase ata a segunda convocatoria.
Os alumnos que teñan solicitado e concedido o "recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia" poderán realizar o examen sobre 10 puntos. Pero o examen poderá conter casos prácticos.
Se un alumno copia no examen o plaxia algún traballo requerido, terá a calificación de 0 e presentarse a oportuna solicitude para a incoación dun procedemento disciplinario.

Fontes de información

Bibliografía básica	- PÉREZ ÁLVAREZ/MARTÍNEZ DE AGUIRRE/DE PABLO CONTRERAS/CÁMARA LAPUENTE (2016). CURSO DE DERECHO CIVIL (V). DERECHO DE SUCESIONES. EDISOFER
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito da persoa/612G01007
Dereito de familia/612G01013
Dereito de obrigas e danos/612G01016
Dereito da Contratación/612G01024
Dereitos Reais/612G01027

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías